

## **Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais**

A Universidade da Coruña, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que un estudante poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Turismo e Grao en Ciencias Empresariais, mediante a proposta dun programa conxunto elaborado pola Escola Universitaria de Turismo e pola Facultade de Economía e Empresa sobre os plans de estudos oficiais.

Para a posta en marcha do programa conxunto, resulta necesario regular determinados aspectos, nomeadamente:

### **Art. 1. Autorización do programa**

A Universidade da Coruña autoriza a posta en marcha dun programa de estudos proposto pola Escola Universitaria de Turismo e pola Facultade de Economía e Empresa que permita simultanear os estudos de Grao en Turismo e Grao en Ciencias Empresariais (en diante Programa de Simultaneidade), mediante unha ordenación temporal das diferentes disciplinas que se van cursar a partir dos plans de estudos oficiais e tendo en conta o regulado nos artigos seguintes.

### **Art. 2. Titulacións que se obterán**

Os/as alumnos/as que superaren este Programa de Simultaneidade Grao en Turismo – Grao en Ciencias Empresariais obterán os dous títulos oficiais de graduado/a en Turismo pola UDC e graduado/a en Ciencias Empresariais pola UDC.

### **Art. 3. Duración do programa**

Terá unha duración de dez cuatrimestres, en cinco cursos académicos. O número de créditos necesario para superar o programa será de 354 ECTS distribuídos da forma que se indica no ANEXO I.

### **Art. 4. Centro responsable das xestións administrativas do Programa de Simultaneidade**

Co fin de facilitar as distintas xestións administrativas, acórdase designar a Facultade de Economía e Empresa como centro responsable da tramitación e custodia do expediente académico do/a estudante; neste centro os estudantes aboarán os prezos públicos por servizos académicos que corresponden ao título de Grao en Ciencias Empresariais e de Grao en Turismo, sen prexuízo do que está disposto no artigo 12 desta normativa para o procedemento de expedición de títulos oficiais. Ademais aboarán os prezos non públicos que corresponden aos créditos cursados do Grao en Turismo no centro adscrito á UDC Escola Universitaria de Turismo-CENP.

### **Art. 5. Centro de impartición do ensino**

A impartición das disciplinas deste Programa de Simultaneidade será de xeito independente á equivalente no Grao en Turismo e no Grao en Ciencias Empresariais. En consecuencia realizarase en cada cuatrimestre no centro que corresponder segundo as disciplinas que se van impartir.

### **Art. 6. Número de estudantes**

O límite será o que oportunamente aprobe o Consello de Goberno, de conformidade coa normativa vixente.

### **Art. 7. Acceso e admisión de estudantes**

1. Só poderán acceder ao Programa de Simultaneidade aqueles estudantes que reúnan os requisitos legais de acceso para ambos os graos.
2. A solicitude de admisión para cursar este Programa de Simultaneidade realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola Universidade da Coruña.

Dado que o Programa de Simultaneidade se introducirá de xeito gradual e con grupos de docencia homoxéneos, non poderán solicitar a admisión neste programa aqueles estudantes que estean a cursar, ben o Grao en Turismo ou ben o Grao en Ciencias Empresariais. Isto é,

para aqueles alumnos que xa iniciasen un dos dous graos e desexaren cursar de forma simultánea os seus estudos coa outra titulación, rexerán as normas xerais da Universidade da Coruña sobre simultaneidade de estudos. Alternativamente, poderán acceder ao primeiro curso do Programa de Simultaneidade se a CIUG lle asigna súa preinscrición.

#### **Art. 8. Criterios de matrícula**

1. Os alumnos de primeiro curso, que cursen estes estudos por primeira vez, poderán optar por matricularse no réxime de dedicación a tempo completo, é dicir, da totalidade dos créditos correspondentes ao primeiro curso, ou ben a tempo parcial, segundo o que establece a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na UDC: nunca inferior a 24, nin superior a 48 créditos.
2. Os estudantes de continuación de estudos deberán efectuar a súa matrícula en réxime de dedicación a tempo completo ou en réxime de dedicación a tempo parcial, respectando o número de créditos establecido con carácter xeral para todo o alumnado da UDC na Normativa citada: nunca inferior a 48, nin superior a 78 créditos e nunca inferior a 24, nin superior a 48 créditos, respectivamente.
3. De acordo coa norma de progresión aprobada na UDC, o alumnado deberá matricularse de todos os créditos de formación básica e obrigatoria non superados de cursos anteriores.
4. Os estudantes poderán desistir da súa matrícula de acordo co que dispuxer a Normativa de xestión académica que rexa en cada curso académico.

#### **Art. 9. Permanencia e progresión: Número de créditos que se deben superar.**

1. O alumnado de primeiro curso matriculado neste por primeira vez, deberá superar nese curso académico o número mínimo de créditos establecido na Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na UDC.
2. O alumnado de continuación de estudos deberá cumprir os requisitos de permanencia e progresión establecidos na citada norma.

#### **Art. 10. Avaliación e número de convocatorias**

1. A formalización da matrícula dará dereito en cada curso académico a unha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación, que se realizarán conforme ao calendario académico aprobado, ou á norma que corresponda.
2. A avaliación realizarase segundo o establecido nas correspondentes guías docentes e as convocatorias de exame serán aprobadas e feitas públicas polo centro xunto coas de cada un dos Graos.

#### **Art. 11. Incumprimento das normas de permanencia**

Aqueles alumnos matriculados no Programa de Simultaneidade que non cumpran as condicións e requisitos de permanencia que establece esta norma deberán abandonar os estudos, de conformidade co disposto na Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na UDC.

As situacións de carácter excepcional suficientemente acreditadas que dean lugar a solicitudes presentadas polos alumnos do programa, serán atendidas polo Decano ou Director do centro xestor deste, quen resolverá por desconcentración do Reitor da UDC, tras o informe da comisión académica que corresponder.

Contra a resolución do Decano ou Director os alumnos poderán presentar un recurso de alzada ante o Reitor da Universidade, na forma e prazos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que considere e que permita esta.

#### **Art. 12. Abandono do Programa de Simultaneidade**

1. Os alumnos que decidan abandonar o Programa de Simultaneidade deberán notificalo á Administración da facultade responsable da xestión administrativa deste, antes do inicio do período ordinario de matrícula.
2. Os estudantes, de ser o caso, poderán:
  - a) Optar, no prazo indicado, por calquera das dúas titulacións do Programa, sempre que teñan

aprobados polo menos 12 créditos, se a matrícula se efectuou no réxime de dedicación a tempo completo, e 6 créditos no réxime de dedicación a tempo parcial, da titulación que vaian cursar. De non cumprir este requisito, o/a decano/a da facultade, previa petición da persoa interesada, poderá admitir a matrícula, pero neste caso o/a alumno/a deberá superar un mínimo de 36 créditos obrigatorios do primeiro curso para a matrícula a tempo completo, e 18 no caso de matrícula a tempo parcial.

Terán dereito ao recoñecemento de créditos que proceda, na titulación pola que opten, por aqueles outros superados na titulación que abandonen.

b) Optar, no prazo que corresponder, por solicitar praza para iniciar os estudos noutra titulación distinta, seguindo as normas e os procedementos de carácter xeral.

Terán dereito ao recoñecemento que proceda, na titulación na que se matriculen, por aqueles outros superados nas titulacións que abandonen.

### **Art. 13. Recoñecementos específicos para estudantes deste Programa de Simultaneidade**

1. Ao alumnado que cursar o Programa de Simultaneidade Grao en Turismo - Grao en Ciencias Empresariais recoñeceránselle os créditos das disciplinas optativas e das obrigatorias non cursadas dos plans de Grao en Turismo e do Grao en Ciencias Empresariais polos créditos das disciplinas obrigatorias que constan no **ANEXO II** desta normativa, logo de superalas e coa equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida nesas disciplinas obrigatorias.

2. O recoñecemento realizarao o decanato/dirección do centro correspondente. A solicitude do/a alumno/a, logo de ser revisada pola Administración do centro, resolverase no momento en que o/a estudante supere o total de créditos correspondentes ao plan de estudos deste Programa, agás o traballo fin de grao. Este recoñecemento terá carácter gratuíto.

3. Na fase final dos plans de estudos deste programa, unha vez superados todos os créditos dos tres primeiros cursos, e de acordo coas memorias verificadas de ambos os títulos, realizaranse dous traballos de fin de grao en que serán de aplicación os coñecementos adquiridos en cursos anteriores: un de 12 créditos ECTS en que se acredita que posúe o dominio do conxunto de competencias xerais e específicas do Grao en Ciencias Empresariais e outro de 6 créditos ECTS en que se acredita que posúe o dominio do conxunto de competencias xerais e específicas do Grao en Turismo. Estes traballos de fin de grao deberán estar dirixidos por un profesor ou profesores dos departamentos adscritos á Facultade de Economía e Empresa e da Escola Universitaria de Turismo, respectivamente.

### **Art. 14. Expedición dos títulos oficiais de Grao**

Os/as alumnos/as deberán solicitar a expedición de cada un dos títulos oficiais: Graduado/a en Turismo e Graduado/a en Ciencias Empresariais, ante as administracións dos centros responsables destes títulos e pagarán, en concepto de expedición de cada título, os prezos públicos establecidos na correspondente tarifa do Decreto da Xunta de Galicia polo que se fixen os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario.

Os trámites administrativos que se realizarán en cada unha das administracións mencionadas serán os mesmos que están establecidos con carácter xeral no procedemento de expedición de títulos oficiais.

**Disposición derogatoria.** Queda derogada a Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais, aprobada polo Consello de Goberno do 29/09/2011.

### **Disposicións finais**

**Primeira:** A UDC resérvase o dereito de non ofertar, para promocións sucesivas, o Programa de Simultaneidade de estudos que regula esta normativa se a demanda deste non se correspondese coa oferta académica anual; porén, os alumnos de continuación de estudos terán garantida a posibilidade de finalzalos.

**Segunda:** Corresponderalle á Vicerreitoría con competencias en Titulacións a interpretación e resolución de cantas cuestións xurdiren en aplicación desta normativa.

**Terceira:** Para o que non está establecido nesta normativa, os trámites académico administrativos relacionados con estes estudos regularanse pola Normativa de xestión académica

correspondente a cada curso académico e polas demais normativas da UDC que resulten de aplicación.

**Cuarta:** As presentes normas serán de aplicación a partir do curso académico 2017/18

## ANEXO I

|                  |                         | <b>CÓDIGO</b>    | <b>MATERIA</b>                                     | <b>ECTS</b> | <b>TIPO</b> |
|------------------|-------------------------|------------------|--|-------------|-------------|
| <b>1.º curso</b> | <b>1.º cuatrimestre</b> | <u>650G01001</u> | Introdución ao Dereito                             | 6           | B           |
|                  |                         | <u>650G01002</u> | Principios de Microeconomía                        | 6           | B           |
|                  |                         | <u>650G01003</u> | Economía da Empresa: Función Organizativa          | 6           | B           |
|                  |                         | <u>650G01004</u> | Matemática I                                       | 6           | B           |
|                  |                         | <u>650G01005</u> | Economía da Empresa: Función Financeira            | 6           | B           |
|                  |                         | <u>650G01008</u> | Historia da Empresa                                | 6           | B           |
|                  | <b>2.º cuatrimestre</b> | <u>662G01004</u> | Xeografía Turística                                | 6           | B           |
|                  |                         | <u>662G01005</u> | Técnicas de Comunicación e de Promoción Turísticas | 6           | B           |
|                  |                         | <u>662G01006</u> | Idioma Moderno: Inglés                             | 6           | B           |
|                  |                         | <u>662G01007</u> | Patrimonio Cultural                                | 6           | B           |
|                  |                         | <u>662G01008</u> | Informática de Xestión e do Coñecemento            | 6           | B           |
|                  |                         | <u>662G01009</u> | Introdución ao Turismo                             | 6           | O           |

|                  |                         |                  |   |   |   |
|------------------|-------------------------|------------------|---|---|---|
| <b>2.º curso</b> | <b>1.º cuatrimestre</b> | <u>650G01006</u> | Dereito Mercantil                       | 6 | O |
|                  |                         | <u>650G01009</u> | Estatística I                           | 6 | B |
|                  |                         | <u>650G01010</u> | Matemática II                           | 6 | B |
|                  |                         | <u>650G01014</u> | Análise das Operacións Financeiras      | 6 | O |
|                  |                         | <u>650G01015</u> | Macroeconomía                           | 6 | B |
|                  |                         | <u>650G01020</u> | Informática Aplicada á Empresa          | 6 | O |
|                  | <b>2.º cuatrimestre</b> | <u>662G01013</u> | Intermediación Turística e Transporte I | 6 | O |
|                  |                         | <u>662G01014</u> | Aloxamentos e Restauración I            | 6 | O |
|                  |                         | <u>662G01015</u> | Primeiro Idioma Moderno I               | 6 | O |
|                  |                         | <u>662G01016</u> | Márketing Turístico                     | 6 | O |
|                  |                         | <u>662G01001</u> | Introdución á Socioloxía                | 6 | B |
|                  |                         | <u>662G01019</u> | Segundo Idioma Moderno I                | 6 | O |

|                  |                         |                  |  |   |   |
|------------------|-------------------------|------------------|--|---|---|
| <b>3.º curso</b> | <b>1.º cuatrimestre</b> | <u>650G01007</u> | Economía Mundial e Española              | 6 | O |
|                  |                         | <u>650G01011</u> | Réxime Fiscal da Empresa I               | 6 | O |
|                  |                         | <u>650G01013</u> | Contabilidade Financeira I               | 6 | O |
|                  |                         | <u>650G01016</u> | Organización de Empresas                 | 6 | O |
|                  |                         | <u>650G01022</u> | Bases de Datos para a Empresa            | 6 | O |
|                  |                         | <u>650G01018</u> | Estatística II                           | 6 | O |
|                  | <b>2.º cuatrimestre</b> | <u>662G01021</u> | Intermediación Turística e Transporte II | 6 | O |
|                  |                         | <u>662G01022</u> | Aloxamentos e Restauración II            | 6 | O |
|                  |                         | <u>662G01023</u> | As TIC Aplicadas ao Turismo              | 6 | O |
|                  |                         | <u>662G01018</u> | Recursos Territoriais Turísticos         | 6 | O |
|                  |                         | <u>662G01028</u> | Primeiro Idioma Moderno II               | 6 | O |
|                  |                         | <u>662G01029</u> | Segundo Idioma Moderno II                | 6 | O |

|                  |                         |                  |  |   |   |
|------------------|-------------------------|------------------|--|---|---|
| <b>4.º curso</b> | <b>1.º cuatrimestre</b> | <u>650G01019</u> | Dirección Financeira I                     | 6 | O |
|                  |                         | <u>650G01017</u> | Contabilidade Financeira II                | 6 | O |
|                  |                         | <u>650G01021</u> | Réxime Fiscal da Empresa II                | 6 | O |
|                  |                         | <u>650G01026</u> | Dereito do Traballo e da Seguridade Social | 6 | O |
|                  |                         | <u>650G01023</u> | Contabilidade de Custos                    | 6 | O |
|                  |                         | <u>650G01024</u> | Introdución á Econometría                  | 6 | O |
|                  | <b>2.º cuatrimestre</b> | <u>662G01031</u> | Comercialización de Produtos Turísticos    | 6 | O |
|                  |                         | <u>662G01032</u> | Xestión Pública do Turismo                 | 6 | O |
|                  |                         | <u>662G01033</u> | Xestión de Calidade                        | 6 | O |
|                  |                         | <u>662G01025</u> | Xestión Turística do Patrimonio            | 6 | O |
|                  |                         | <u>662G01034</u> | Segundo Idioma Moderno III                 | 6 | O |

|                  |                         |                  |                                |    |   |
|------------------|-------------------------|------------------|--------------------------------|----|---|
| <b>5.º curso</b> | <b>1.º cuatrimestre</b> | <u>650G01025</u> | Dirección Financeira II        | 6  | O |
|                  |                         | <u>650G01027</u> | Réxime Fiscal da Empresa III   | 6  | O |
|                  |                         | <u>650G01028</u> | Sistema Financeiro Español     | 6  | O |
|                  |                         | <u>650G01030</u> | Contabilidade de Sociedades    | 6  | O |
|                  |                         | <u>650G01031</u> | Análise de Estados Financeiros | 6  | O |
|                  | <b>2.º cuad.</b>        | <u>650G01043</u> | Traballo de Fin de Grao        | 12 | O |
|                  |                         | <u>662G01037</u> | Traballo de Fin de Grao        | 6  | O |
|                  |                         | <u>662G01036</u> | Prácticas en Empresas          | 24 | O |

ANEXO II

- a) Os créditos das seguintes materias obrigatorias de Grao en Turismo recoñeceranse polos seguintes créditos obrigatorios do Grao en Ciencias Empresariais:

| <b>Materia obligatoria de Grao en Turismo</b>  | <b>Materia obligatoria do Grao en Ciencias Empresariais pola que se recoñece</b> |
|--|--|
| Contabilidade Financeira                       | Contabilidade Financeira I   |
| Contabilidade de Custos                        | Contabilidade de Custos  |
| Fiscalidade Turística                          | Réxime Fiscal da Empresa I   |
| Análise de Estados Financeiros                 | Análise de Estados Financeiros   |
| Métodos e Técnicas de Investigación no Turismo | Introdución á Econometría  |

- b) Os créditos das seguintes materias obrigatorias de Grao en Ciencias Empresariais recoñeceranse polos seguintes créditos obrigatorios do Grao en Turismo:

| <b>Materia obligatoria de Grao en Ciencias Empresariais</b> | <b>Materia obligatoria do Grao en Turismo pola que se recoñece</b> |
|---|--|
| Inglés Empresarial  | Primeiro Idioma Moderno I  |
| Prácticas   | Prácticas en Empresas  |

- c) Os créditos das disciplinas optativas do Grao en Turismo recoñeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias do Grao en Ciencias Empresariais:

- Réxime Fiscal da Empresa II
- Bases de Datos para a Empresa
- Contabilidade de Sociedades

- d) Os créditos das disciplinas optativas do Grao en Ciencias Empresariais recoñeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias do Grao en Turismo:

- Márketing Turístico
- As TIC Aplicadas ao Turismo
- Primeiro Idioma Moderno II
- Comercialización de Produtos Turísticos
- Xestión de Calidade